

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO (IGC) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN EN CONCELLOS GALEGOS E MEDIANTE REDES SOCIAIS DUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA PRÁCTICA CENTRADA NO AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO FOGAR, CON ESENCIAL INCIDENCIA EN CONSEGUIR O MAIOR AFORRO POSIBLE NA FACTURA ELÉCTRICA

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Bernardo Tahoces, no nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia (en adiante Inega), con domicilio en Santiago de Compostela, rúa Avelino Pousa Antelo, 5, e na súa calidade de director, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire o artigo 8 da Lei 3/1999 do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 61, do 30 de marzo).

Doutra parte, O Instituto Galego de Consumo (en adiante IGC), e no seu nome, a súa presidenta, D^a. Sol María Vázquez Abeal, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 7 da Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, en relación co artigo 1.2 do citado texto legal e o punto segundo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril do mesmo ano (DOG nº 82 do 30 de abril de 1991). Autorizada para a sinatura do presente convenio pola comisión executiva do Consello de Dirección do Instituto Galego de Consumo do día 25 de agosto de 2016.

Doutra parte D. José Núñez Baña, en calidade de xerente da Fundación Sotavento Galicia, domiciliada en Momán-Xermade (Lugo) e con CIF:G-27323864 ao abeiro das facultades que lle foron conferidas polo padroado da Fundación de data 2 de decembro de 2015.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para obrigarse neste convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins (art.1 da Lei 3/1997, do 11 de marzo). Os fins do Inega son “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas,

incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias”.

Que o Inega, para o exercicio das súas funcións, pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas no ámbito das súas funcións, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxías (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que o Instituto Galego de Consumo é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Economía e Industria que, de acordo coa Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, desenvolve unha ampla gama de fins relativos á información, formación, promoción e, en definitiva, á protección do consumidor e usuario, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia. Entre os mencionados fins, atópase o de cooperación con outras entidades para a persecución dos obxectivos que lle son propios. .

Terceiro.- Que a Fundación Sotavento Galicia é unha Fundación de interese galego que ten entre os seus fins fundacionais a promoción, divulgación, formación, fomento e debate de todos os aspectos relacionados coas enerxías renovables, así como a promoción e realización de proxectos, estudos e outras actuacións de investigación e experimentación relacionados coa enerxía eólica en particular e coas enerxías renovables en xeral; fomentar e divulgar a importancia do aforro e a eficiencia enerxética para conseguir un desenvolvemento sostible, promover, divulgar e fomentar actuacións que vinculen o desenvolvemento enerxético á protección do medio ambiente, así como calquera outro tipo de actuación que implique unha mellora na optimización e implantación das enerxías renovables en xeral, e da eólica en particular.

A Fundación Sotavento Galicia dispón no Parque Eólico Experimental Sotavento dunha vivenda bioclimática demostrativa con amplas potencialidades demostrativas e divulgativas. É o único parque eólico en Galicia no que priman os obxectivos de formación, divulgación, fomento e debate sobre os temas enerxéticos.

Cuarto.- Que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público xa que a CEI, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega en diante) e do Instituto Galego de Consumo (IGC en diante), considera necesario impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de enerxía e consumo, como son a posta en marcha de actuacións de aforro enerxético, o asesoramento aos concellos de Galicia para a aplicación da tarifa eléctrica máis beneficiosa en función das súas características de potencia e consumo e a protección dos intereses económicos dos concellos galegos, tendo en conta ademais que, na

conxuntura actual, ponse de manifesto certa problemática en materia de subministración eléctrica e aforro enerxético formulada pola meirande parte dos concellos, razóns polas cales ambas institucións consideran moi conveniente asinar este convenio.

Quinto- Que na actualidade o número de reclamacións e consultas dos consumidores, entre os que se atopan os propios concellos, en referencia ó problema da tarificación eléctrica veuse incrementado de forma notoria, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa Comunidade Autónoma como consecuencia de continuos cambios normativos e cambios na maneira na que se configuran os prezos. Isto xenera confusión e opacidade o que pode ir en contra dos intereses económicos dos concellos e polo tanto dos propios veciños.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria considera polo tanto que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de comercialización eléctrica, contribuíndo á posta en marcha de actuacións para conquistar unha resolución das reclamacións dos concellos de Galicia dunha forma máis eficaz e áxil e lograr maiores cotas de aforro enerxético

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega, O IGC e a Fundación Sotavento Galicia para a continuación da campaña Dalle luz á túa factura, que se iniciou nos anos 2014 e 2015 co a finalidade de información sobre a facturación de enerxía eléctrica e asesorar aos consumidores sobre medidas de aforro de eficiencia enerxética. mediante a realización de dous tipos de actuacións no exercicio 2016:

1ª.- Específica: Mediante un percorrido polos concellos galegos, principalmente de carácter rural desenvolvendo accións encamiñadas a sensibilizar á cidadanía no ámbito da facturación de enerxía eléctrica e do aforro e eficiencia enerxética mediante a realización dunhas actividades formativas de carácter esencialmente prácticas, con especial incidencia en conseguir o maior aforro posible na factura eléctrica.

2ª.- Xeral: Mediante a creación dunha web pública na que se incluírán:

- Aplicacións que faciliten a comprensión da factura da luz así como ferramentas sinxelas de cálculo que facilitarán ao usuario a toma decisións para poder aforrar na súa factura.

- Porase a disposición da cidadanía un teléfono 900 gratuíto as 24 horas do día para resolver dunha maneira personalizada as problemáticas particulares.
- A través das redes sociais como facebook e Twitter propiciaránse foros con actualización diaria sobre estes temas.

Segunda. Grupo de Traballo

1 O Inega, o IGC e a Fundación Sotavento Galicia elaborarán un documento base de traballo onde abordarán as cuestións antes descritas.

A Fundación Sotavento Galicia presentará un anteproxecto para que se someta ao estudo de un grupo de traballo constituído ao efecto co Inega.

2. A elección das persoas que conformará o grupo de traballo decidírase de común acordo entre o Inega e a Fundación Sotavento Galicia.

Para formar ese grupo de traballo seleccionárase un grupo de persoas expertas na materia.

Cuestión a debater:

- Determinar os contidos técnicos e formativos das actuacións.
- Forma e modo de articularse as actividades formativas e divulgativas.
- Criterios de selección dos concellos a visitar:
 - 1. Proporcionalidade en razón do número de Concellos por provincia, en relación co total de Galicia.
 - 2. Criterio de poboación (váise primar aos concellos de pequeno e mediano tamaño) coa finalidade de chegar á poboación con máis dificultades para acceder a este tipo de información.
 - 3. Eficiencia enerxética e ambiental: Procurárase que as visitas sigan unha orde lóxica de mínima distancia co concello anterior e seguinte, dentro dunha filosofía de eficiencia enerxética e ambiental.

Posteriormente o grupo de traballo realizará unha valoración dos resultados obtidos.

Terceira. Compromisos da Fundación Sotavento

- a. Elaboración de liñas argumentais e documentación específica para esta actuación.
- b. Creación de unha imaxe identitaria do proxecto
- c. Deseño e creación de soportes identitarios do proxecto (panelería, cartelería, publicacións, etc)

- d. Xestión dos lugares a visitar e dos potenciais colectivos que poidan acudir ás presentacións.
- e. Realización da actuación en 74 concellos mediante a contratación de tres educadores especializados; incluíndo todos os gastos asociados e dietas de desprazamento.
- f. Deseño e realización de aplicacións informáticas específicas para as actuacións formativas nos concellos, que facilitarán a comprensión do contido da factura da luz o mesmo tempo que incorporarán ferramentas de cálculo que permitirán o usuario tomar decisión cara aforrar economicamente na súa factura.
- g. Adecuación de estas aplicacións informáticas para subilas a unha web pública onde calquera cidadán poderá achegarse a comprensión da factura eléctrica e a utilización dunhas ferramentas de cálculo que lle permitan un aforro na súa factura eléctrica.
- h. Realizar unha versión "local" destas aplicacións para entregalas nos concellos de Galicia e asociacións de consumidores e poder utilizarse para a difusión de estas actuacións de aforro na factura da luz dunha maneira continuada.
- i. Creación e mantemento diario de perfiles activos en redes sociais (Facebook, Twiter) para a divulgación do proxecto; así como difundir as actuacións que se fagan na prensa escrita.
- j. Posta a disposición da cidadanía un teléfono 900 gratuito de información personalizado as 24 horas do día.
- k. A realización dun acto inaugural e de posta en marcha destas actuacións.
- l. A realización ao remate do proxecto dun acto de presentación dos resultados cuantitativos do mesmo.
- m. Realizar un informe cualitativo estadístico (6 meses despois do remate do proxecto)
- n. A posta a disposición do proxecto da vivenda bioclimática que ten a Fundación no Parque Eólico Experimental Sotavento, instalación que conta con amplas potencialidades demostrativas no ámbito do aforro enerxético, para poder ser visitada dunha maneira gratuíta polas persoas co soliciten durante a execución das presentacións que se fagan nos concellos. Visita que servirá para complementar dunha maneira moi práctica e ilustrativa as directrices expostas durante as actuacións feitas nos concellos, vendo dunha maneira empírica os aforros que se poden conseguir nun fogar mantendo a mesma calidade de vida, pero xestionando o consumo enerxético.

Cuarta.- Compromisos do Inega

- a. Facilitar o asesoramento e apoio técnico que sexa necesario para a elaboración dos contidos divulgativos e formativos de esta actuación formativa práctica.
- b. Seleccionar os concellos onde se vai a desenvolver estas actividades formativas e divulgativas, elaborando un calendario e un itinerario.

- c. Facilitar Información sobre as empresas distribuidoras de enerxía eléctrica que desenvolven a súa actividade nos concellos onde se vai realizar a actuación
- d. Porá a disposición deste proxecto un soporte técnico para resolver as dúbidas técnicas, lexislativas e administrativas que poidan xurdir durante as actuacións a desenvolver. Así como, Información de primeira man sobre as axudas convocadas polo Inega.
- e. Facilitar os consumos e datos estatísticos enerxéticos dos distintos concellos onde se van a desenvolver as actividades formativas e divulgativas
- f. Achegar 145.000 € para a realización das actuacións.

Quinta.- Compromisos do IGC

- a. Facilitar asesoramento para levar a cabo as actuacións formativas.
- b. Colaborar na confección do listado de concellos e calendario de actuacións divulgativas.
- c. Facilitar información estatísticas sobre reclamacións presentadas polos consumidores ante o Instituto Galego de consumo.
- d. Facilitar un listado de asociacións de consumidores de Galicia.
- e. Incluír na web do organismo información sobre as actuacións, obxecto deste convenio.

Sexta.- Contía da achega

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de 145.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 09.A2.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2016.

Sétima. Xustificación e pagamento

O Inega fará efectiva a cantidade que lle corresponda a Fundación Sotavento Galicia, en dous pa

- 1. Unha primeira achega de 70.000 €, previa presentación, antes do 15 de outubro de 2016, dun informe parcial onde se contemplen como mínimo 10 das actuacións realizadas nos concellos.

2. Unha segunda achega de 75.000€, antes do 31 de decembro de 2016, previa xustificación mediante a emisión de un informe final, en forma e prazo, das actuacións realizadas e a súa comprobación polo persoal do Inega.

A Fundación Sotavento Galicia achegará tamén unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria, da Fundación Sotavento Galicia onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Para a xustificación das actuacións previstas , a Fundación Sotavento Galicia achegará ao Inega ao remate da súa vixencia, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2016:

1. Un informe final de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos antes do 15 de decembro de 2016
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas acompañada das facturas correspondentes.
3. Unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
4. Unha declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados.

Unha vez presentada esta documentación realizarase o pagamento do 100% do importe da achega, logo da emisión do correspondente informe de conformidade dos servizos técnicos do Inega.

Oitava. Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos elementos que se usen neste convenio será conxunta do Inega e da Fundación Sotavento Galicia. A información que se obteña e os resultados das investigacións e o seu alcances poderán ser difundidos con autorización expresa da Fundación Sotavento Galicia e do Inega, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Novena. Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2016.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Décima. Contratación.

Para o desenvolvemento das actuacións a Fundación Sotavento Galicia efectuará as contratacións precisas.

Décimo primeira. Comisión de seguimento.

Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante do Inega, e da Fundación Sotavento Galicia e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades dos proxectos e actuacións que se aborden.

Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, as eventuais controversias que poidan xurdir, serán de competencia e de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- c. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- d. Acordo mutuo das partes.

Décimo terceira. Protección de datos.

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.

A tal efecto as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenio de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

Décimo cuarta.- Publicidade.

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior a Fundación Sotavento Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo quinta. Natureza e réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público ; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O DIRECTOR DO INEGA

O XERENTE DA FUNDACIÓN
SOTAVENTO GALICIA

Ángel Bernardo Tahoces

José Núñez Baña

A PRESIDENTA DO IGC

Sol María Vázquez Abeal



MEMORIA ECONÓMICA		
APORTACIÓN DO INEGA		
<u>GASTOS CORRENTES</u>		
ALUGAMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS		
Pantallas táctiles, ordenadores, maletas de protección dos equipos:		14.000 €
2 Pantallas táctiles Full HD (1920x1080), 55 polgadas	9.000 €	
2 Maletas de protección / Elaboración y deseño das mesmas para poder ser desprazadas con rodas, convertible en pé e servir como elemento estrutural	2.500 €	
2 CPUs integradas Intel, i3, HD-SSD, Windows 7/8 profesional	1.700 €	
Megafonía, portátil e tablet	500 €	
1 Router/AP Inalámbrico, e configuración da rede Wifi	300 €	



DESENVOLVEMENTO DO SOFTWARE EXCLUSIVO PARA ESTA ACTUACIÓN		
Creación, deseño e elaboración de módulos de información, simulación, resultados, extrapolación, consumos ocultos e en espera		61.000 €
1. Sistema Interactivo "Dalle Luz á Túa Factura" que estará composto a súa vez por una serie de módulos ou aplicacións que pasamos a resumir brevemente:	15.000 €	
1.1. Módulo de información: Partindo dunha factura da luz, repasaranse todos os subconceptos permitindo explicar cuestións relacionadas co término de potencia, PVPC, contadores, mercado eléctrico, etc.		
1.2. Módulo de simulación do término de potencia: Trátase dun simulador que permite calcular o término de potencia aconsellable en función do equipamento dunha vivenda.		
1.3. Módulo de simulación de tarifa: Calcula a tarifa máis adecuada en función do equipamento e usos.		
1.4. Módulo de extrapolación: Permitirá a extrapolación de resultados con cuantificación económica e ambiental.		
2. Sistema interactivo comparativo de sistemas de iluminación: Comparativa entre distintos sistemas de iluminación. Calcula a rendibilidade e extrapolación.	12.000 €	
3. Sistema Interactivo para a compra eficiente de electrodoméstico: Permite comparar o etiquetado enerxético, a rendibilidade e as características dos electrodomésticos máis comúns nunha vivenda.	12.000 €	
4. Sistema Interactivo para a cuantificación dos consumos ocultos e en espera: Permite identificar este tipo de consumos, calcular os custes e extrapolar resultados.	12.000 €	



5. Implementar as aplicacións e a presentación nun sistema web público	8.000 €	
6. Realización das aplicacións en versión para DVDs	2.000 €	
CREACIÓN DUNHA IMAXE IDENTITARIA E OS SOPORTES CORRESPONDENTES EXCLUSIVOS (PANELARÍA)		
Creación e soporte da imaxe identitaria:		23.500 €
· Creación e deseño da imaxe corporativa global do proxecto	1.000 €	
· Panelaría : (4 pop up, 4 roller con imaxe identitaria do proxecto xunto coas maletas de transporte)	8.000 €	
· Impresión e distribución de 2.000 carteis para anuncios en concellos	1.000 €	
· Deseño, elaboración e impresión de 2.000 carpetas con bolsillo que conteñen: 5 modelos diferentes de facturas da luz e cuestionario evaluativo	4.000 €	
· Creación, cálculo, deseño e impresión de folia resumen para distribución en carpetas	2.000 €	



· Impresión e distribución de 2.000 bolígrafos para acompañar a carpeta	2.500 €	
· Rotulación de vehículos e vinilos varios (pantallas, maletas, etc) coa imaxe identitaria	3.000 €	
· Roupa identitaria para o persoal	2.000 €	
REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN PROPIAMENTE DITA		
Realización da actuación nos concellos (inclúese visita previa para coordinación e difusión da actividade):		35.500 €
· Equipo composto por 3 educadores con formación universitaria e experiencia contrastada a xornada completa para viaxar a diario durante 4 meses. Un deles para xestións de oficina, contacto con concellos(visita previa) e apoio técnico continuo	18.000 €	
· Aluguer de furgoneta para desprazar a exposición durante 4 meses+ vehículo visitas previas os concellos	7.000 €	
· Dietas educadores (visita previa o concello + presentación actuación)	3.500 €	



· Montaxe, desmontaxe e mantemento dos medios técnicos: conexións internet, cableado, etc	1.000 €	
· Combustible e peaxes 5.000 Km	5.000 €	
· Seguros para a realización da actividade	1.000 €	
DIFUSIÓN DEL PROXECTO EN PRENSA E NAS REDES SOCIAIS		
Difusión do proxecto		11.000 €
Neste concepto inclúese o aspecto mediático do proxecto.		
· Elaboración notas de prensa e contacto cos medios de comunicación locais: presentación institucionais, entrevistas, envío de documentación, etc	1.000 €	
· Creación, mantemento do proxecto en redes sociais e na páxina web. Incluindo actualizacións e xestión de consultas e dúbidas a través dos correos habilitados para tal fin	2.000 €	
· Contratación, mantemento e xestión dunha liña 900 gratuíta e 24 horas durante a vixencia do convenio.	8.000 €	

RESUMO DO ORZAMENTO XENERAL DE GASTOS		
<u>GASTOS CORRENTES</u>		
ALUGAMENTO DOS MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS	14.000 €	
DESENVOLVEMENTO DO SOFTWARE EXCUSIVO PARA ESTA ACTUACIÓN	61.000 €	
CREACIÓN DUNHA IMAXE CORPORATIVA E ALUGUER DOS SOPORTES EXCLUSIVOS CORRESPONDENTES (PANELARÍA)	23.500 €	
REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN PROPIAMENTE DITA	35.500 €	
DIFUSIÓN DO PROXECTO EN PRENSA E NAS REDES SOCIAIS	11.000 €	
TOTAL GASTOS	145.000 €	